



A presidenta do Parlamento recibe ao alcalde de Santiago de Compostela, que inicia na Cámara galega unha rolda de visitas institucionais

- **Pilar Rojo avanza que Parlamento e Concello de Santiago seguirán mantendo unhas “excepcionais” relacións institucionais**

Santiago, 2 de maio de 2012.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, recibiu este mediodía ao alcalde de Santiago de Compostela, Ángel Currás Fernández, que iniciou deste xeito, na Cámara galega, unha rolda de visitas institucionais.

Ao remate do encontro, e en declaracións aos xornalistas, Pilar Rojo, agradeceu que a primeira visita institucional do rexedor sexa a que hoxe efectuou ao Parlamento de Galicia.

A presidenta da Cámara amosouse convencida de que as dúas institucións seguirán a manter, como fixeron ata o de agora, unhas “excepcionais” relacións. Ao seu xuízo, a colaboración e as boas relacións entre institucións non só son obrigatorias, senón que é o que os cidadáns piden e agradecen

A presidenta do Parlamento valorou tamén a traxectoria de Ángel Currás, o que a levou a adiantar que “será un gran alcalde”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia